

▶ 3º CICLO (10-12)



ROSANDA E A ARTE DA MAXIA
Ángeles González-Sinde.
Ed. Rodeira
Rosanda reparara no calendario. Quedaban poucos cadrifños para que chegasen os Reis. Os Reis vivían moi lonxe, recibían cartas de millóns de nenos, pero a súa carta era superimportante e tiñana que ler canto antes.

QUIQUE & LUCAS LOCOPILOTOS. LA SORPRESA DEL ABUELO

Knister

Ed. Bruño

Quique recibe un agasallo de aniversario moi especial: a invitación para pasar unha noite no museo onde traballa o avó Lucas! Alí levará unha boa sorpresa ao subirse a unha vella alfombra.



OS PEIXES DE CORES

Antonio García Teijeiro

Ed. Xerais

Uli está farto de que seu pai sempre lle diga cada vez que ten un pensamento que o ilusiona: ¡Ti aínda cres nos **peixes de cores**! Uli pensa que ten que demostrarlle a seu pai que hai algo máis que o diñeiro, o traballo e **os** negocios... Ten que atopar **os peixes de cores**...




OS ARRISCADOS

Miguel Anxo Mourino


Ed. Galaxia

Se queres formar parte dun clube de amigos, velaquí tes un ben interesante. Para formar parte da banda dos Arriscados terás que superar algunhas probas. Tamén deberás amosar un pouco de valor e intelixencia e mesmo aprender un idioma inventado. Lé e verás o que hai que facer para ser un arriscado. en toda regra.



Visita o blogue da biblioteca e fai algún comentario sobre as túas lecturas de verán.

BOAS VACACIÓNS!



GUÍA DE LECTURAS RECOMENDADAS VERÁN 2010



Visita o blogue da biblioteca e fai algún comentario sobre as túas lecturas de verán.



<http://www.blogoteca.com/bibliotecajosefaalonso/>

EDUCACIÓN INFANTIL (3-6 ANOS)



A POTA QUE TROTA
Patacrúa & Kristina Andres
Ed. Kalandraka
Unha pota que vai dun sitio a outro apañando e repartindo entre os máis desfavorecidos o que, en xustiza, lles corresponde

XANARDÁN E A BECHA
Susana Casal & Xosé López
Ed. A Nosa Terra
Cando Xanardán foi ao monte, unha cobra pediulle axuda pois quedara entalada debaixo dun penedo. Unha vez libre, a serpe quíxoo papar pretextando que levaba moito tempo sen comer. Como el lle reprochou que non fose agradecida, acudiron a falar co raposo, que era o avogado daquel lugar...



ESE FASTIDIOSO DRAGÓN
Julie Sykes & Melanie Williamson
Ed. Edelvives
Un bo día todos danse conta de que hai un dragón na granxa de Malu que fai que ocorran cousas disparatadas

ERNESTO BO DÍA
José campanario
Ed. Kalandraka
Ernesto estaba convidado a merendar na casa da súa noiva Henriqueta; saíu da casa nunha tarde soleada pero levantouse unha brisa,...



1º CICLO (6-8 ANOS)



MI MUNDO. ¿CÓMO SE CULTIVAN LOS ALIMENTOS?
Valérie Guidoux
Ed. SM
Xira as rodas, abre as ventás e as solapas para pescudar moitas cousas sobre os hortos e o cultivo dos alimentos.

UN PROBLEMA GRANDE
Oli & Félix Eckard
Ed. Kalandraka
Todo ía ben na vida de paulo ata que á súa nai comezou a medrarlle a barriga.



UN CASO PARA TI Y PARA EL EQUIPO TIGRE. EN EL TEMPLO DE LOS TRUENOS.
Thomas Brezina
Ed. SM
Os detectives Biggi, Patrick e Luc, son os membros do Equipo Tigre. Teñen que atopar o misterioso tesouro do capitán Boller.

EL MAGNÍFICO PLAN DEL LOBO
Melanie Williamson
Ed. Edelvives
Lobo idea un magnífico plan para recuperar a súa dentadura e comerse ás ovelas. Pero elas sabrán como darlle o seu merecido.




2º CICLO (8-10 ANOS)



ESPANTILLO AMIGO
Xosé Neira Vilas
Ed. Galaxia
Esta é a historia dun espantillo que en vez de espantar os melros, faise amigo dos animais e dos rapaces.

A CIDADE DOS DESEXOS
Agustín Fernández Paz.
Ed. Xerais
Un día os nenos e nenas da panda baten cunha persoa inquietante, capaz de facer as cousas máis extrañas e fascinantes. Con esa persoa van a emprender a aventura de cambiar por completo a cidade na



EL PEQUEÑO NICOLÁS
Sempé & Goscinny
Ed. Alfaguara
Na escola, o pequeno Nicolás pasan en grande... Pero a felicidade sempre dura menos do que queremos, e a traxedia se mascara no ambiente: achégase o día da entrega de notas!

CUENTOS PARA JUGAR
Gianni Rodari
Ed. Alfaguara
Esta obra, pola súa orixinalidade e gran ironía, fixo escola. O vinte contos con tres finais posibles estimularon a creatividade literaria, tanto de docentes como de alumnos, en todo o mundo

